



XUNTA DE GALICIA



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN IMPARTIDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NO MARCO DO PROXECTO "PEL EMPREGO SUSTENTABLE NO ÁMBITO RURAL", COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO A TRAVÉS DO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO, FORMACIÓN E EDUCACIÓN (AP_POEFE).

Santiago de Compostela, 10 de mayo de 2021

COMPARECEN:

Por unha banda,

Dona M.^a Jesús Lorenzana Somoza, conselleira de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro (DOG núm. 181 do 7/09/2020) actuando en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de acordo co artigo 7 do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG. Núm. 190 de 18 de setembro de 2020) e polo Decreto 215/2020 do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, no artigo 44.b) atribúese á Dirección Xeral de Formación e Colocación as competencias relativas, entre outras, a dirección e xestión das funcións atribuídas á consellería en materia de formación profesional para o emprego.

E pola outra,

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en nome desta institución polo poder que lle foi conferido no acto de nomeamento por Acordo Plenario do 1 de xullo de 2019, no exercicio das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Actúan as partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan, recoñecéndose recíprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio e:

EXPOÑEN:

PRIMEIRO

A Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pertencente ó Ministerio de Política Territorial e Función Pública, na súa Resolución de 13 de decembro de 2018 publicada no BOE nº 305 do 19 de decembro de 2018, resolve a convocatoria de 2018 de axudas do Fondo Social Europeo destinadas a entidades locais para a inserción



XUNTA DE GALICIA



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

galicia

das persoas máis vulnerables, no contexto do Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación.

En cumprimento do obxectivo específico do eixo 2 do Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación que desenvolve o Obxectivo Temático 9, estas axudas teñen como finalidade promover a inclusión social, loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación, en todas as Comunidades Autónomas e Cidades Autónomas do territorio español.

O seu obxectivo específico é mellorar a inserción socio-laboral das persoas en situación de vulnerabilidade, o través de medidas de activación e de itinerarios integrados e personalizados de inserción. Este eixo prioritario recolle as iniciativas e actuacións a desenvolver polas Entidades Locais.

As axudas AP-POEFE fináncianse mediante recursos do Fondo Social Europeo, no marco de intervención do FSE 2014-2020.

Igualmente, recóllese nesta Resolución que as entidades beneficiarias desta subvención, e sempre que cumpran cos requisitos legais son, por unha banda, os concellos cunha poboación superior a 20.000 habitantes, e por outra, as Deputacións, Cabidos Insulares e Comunidades Autónomas uniprovinciais ou Organismos Autónomos dependentes das anteriores.

O proxecto "PEL-Emprego Sustentable no Ámbito Rural" foi deseñado conforme ao disposto na Orde PRA/37/2018, do 16 de xaneiro do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais, pola que se aproban as bases reguladoras destas axudas, así como de acordo co establecido na Resolución da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais, pola que se aproba a convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo.

A Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, designada como Organismo Intermedio (OI) pola autoridade de xestión do Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (Subdirección Xeral da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo (UAFSE), actualmente dependente do Ministerio de Traballo e Economía Social, aprobou a concesión a esta entidade da subvención para cofinanciar a execución do proxecto "PEL-Emprego Sustentable no Ámbito Rural" cos seguintes custos elixibles e importes de axuda que serán financiados, en parte coa axuda do Fondo Social Europeo, e en parte coa achega provincial, segundo se detalla:

PEL_Emprego Sustentable no Ámbito Rural	IMPORTES	PORCENTAXE
Achega do FSE	4.252.591,45€	80,00 %



XUNTA DE GALICIA



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

galicia

Achega da Deputación da Coruña	1.063.147,86€	20,00 %
Total coste elixible do proxecto	5.315.739,31€	100,00 %

O "Proxecto PEL-Emprego Sustentable no Ámbito Rural" establece os 90 municipios da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes como ámbito xeográfico de implantación para o desenvolvemento total de 49 edicións das accións formativas dos itinerarios de formación e inserción profesional, das cales 37 están vinculadas á obtención dun Certificado de Profesionalidade, o que ven a supoñer unha porcentaxe superior ao 75% da formación para o emprego do proxecto.

- Competencias clave nivel 2 sen lingua estranxeira
- Competencias clave nivel 3 sen lingua estranxeira
- Xestión de chamadas de teleasistencia
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais
- Dinamización comunitaria
- Manexo e mantemento de maquinaria agrícola
- Actividades auxiliares en agricultura
- Actividades auxiliares en gandería
- Agricultura ecolóxica
- Gandería ecolóxica
- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes
- Actividades auxiliares en aproveitamentos forestais
- Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural
- Operacións básicas de cociña
- Guía de itinerarios de baixa e media montaña
- Tratamento de residuos e reciclaxe
- Montaxe de mobles e elementos de carpintería
- Elaboración de leites de consumo e produtos lácteos
- Planificación e iniciativa emprendedora en pequenos negocios ou microempresas
- Emprendemento social en economía circular

Na implantación práctica dos itinerarios observaranse, en todo caso, os requirimentos substanciais recollidos nos certificados de profesionalidade correspondentes tanto na súa execución en modalidade completa como na modular:

CÓDIGO	FAMILIA PROFESIONAL	AREA PROFESIONAL	DENOMINACIÓN	NIVEL	Nº EDICIÓNS
FCOV22	Formación Complementaria	Competencias Clave	Competencias clave nivel 2: comunicación en lingua castelá	-	8
FCOV23	Formación	Competencias	Competencias clave nivel 2:	-	8



XUNTA DE GALICIA



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

galicia

	Complementaria	Clave	competencia matemática		
FCOV02	Formación Complementaria	Competencias Clave	Competencias clave nivel 3: comunicación en lingua castelá	-	2
FCOV12	Formación Complementaria	Competencias Clave	Competencias clave nivel 3: competencia matemática	-	2
SSCG0111 SSC443_2	Servizos Socioculturais á Comunidade	Atención Social	Xestión de chamadas de tele-asistencia	2	1
SSCS0208 SSC320_2	Servizos Socioculturais á Comunidade	Atención Social	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	2	5
SSCB0109 SSC321_3	Servizos Socioculturais á Comunidade	Actividades Culturais e Recreativas	Dinamización comunitaria	3	3
AGAU0111 AGA547_2	Agraria	Agricultura	Manexo e mantemento de maquinaria agrícola	2	1
AGAX0208 AGA163_1	Agraria	Agricultura	Actividades auxiliares en agricultura	1	2
AGAX0108 AGA224_1	Agraria	Gandería	Actividades auxiliares en gandería	1	2
AGAU0108 AGA225_2	Agraria	Agricultura	Agricultura ecolóxica	2	2
AGAN0108 AGA227_2	Agraria	Gandería	Gandería ecolóxica	2	2
AGAR0309 AGA399_1	Agraria	Forestal	Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes	1	2
AGAR0209 AGA398-1	Agraria	Forestal	Actividades auxiliares en aproveitamentos forestais	1	2
SEAD0411 SEA595_2	Seguridade e medio Ambiente	Seguridade e Prevención	Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio ás continxencias no medio	2	1



			natural e rural		
HOTR0108 HOT091_1	Hostalería e Turismo	Restauración	Operacións básicas de cociña	1	3
AFDA0611 AFD159_2	Actividades Físicas e Deportivas	Actividades Físico-Deportivas Recreativas	Guía por itinerarios de baixa e media montaña	2	2
SEAG0108 MF0076_2 MF0077_2 MP0066)	Seguridade e Medio Ambiente	Xestión Ambiental	Tratamento de residuos e reciclaxe	2 Cert Modular	1
MAMD0209 MAM062_2	Madeira, moble e cortiza	Carpintería e Moble	Montaxe de mobles e elementos de carpintería	2	2
INAE0209 INA106_2	Industrias Alimentarias	Lácteos	Elaboración de leites de consumo e produtos lácteos	2	1
ADGD0210 ADG544_3 (MF1788_3 MP0385)	Administración e xestión	Administración e Auditoría	Planificación e iniciativa emprendedora en pequenos negocios ou micro-empresas	3 Cert Modular	6

SEGUNDO

Entre as competencias que en materia laboral lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, consonte o establecido no artigo 29.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, está a promoción do emprego e a formación profesional para o emprego, tendo atribuído o seu exercicio á Consellería de Emprego e Igualdade, de conformidade co establecido no Decreto 69/1993 de 10 de marzo, de asunción e asignación das funcións e servizos transferidos en materia de formación profesional ocupacional, e no Decreto 215/2020 do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, no artigo 44.b) atribúese á Dirección Xeral de Formación e Colocación as competencias relativas, entre outras, a



XUNTA DE GALICIA



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

galicia

dirección e xestión das funcións atribuídas á consellería en materia de formación profesional para o emprego.

Co obxectivo de dar resposta eficaz ás demandas do mercado de traballo na promoción de novas oportunidades de emprego e tendo en conta que se considera a formación profesional para o emprego, como un instrumento básico dentro das políticas activas, é necesario promover unha oferta de formación profesional para o emprego, para potenciar a inserción e reinserción profesional da poboación demandante de emprego, mediante a cualificación, recualificación ou posta ó día das súas competencias profesionais.

TERCEIRO

Ambas institucións comparten a crenza de que a mellor e máis prioritaria inversión é o capital humano. No momento actual, cómpre actuar conxuntamente e tomar medidas combinadas, que supoñan a optimización dos recursos públicos previstos polas diferentes administracións para incentivar e dinamizar o mercado e fomentar as cualificacións dos recursos humanos.

Por todo o anterior, e na procura da optimización do uso de recursos públicos, en concreto, do financiamento proporcionado polo Fondo Social Europeo e pola Administración Local, ambas as partes consideran de interese a sinatura deste convenio, cos compromisos que a continuación se relacionan.

ACORDAN:

Sentar as bases, definidas nas cláusulas que a continuación se recollen, para que os itinerarios de formación establecidos no punto PRIMEIRO deste convenio, impartidos dentro do proxecto, leven consigo a acreditación a través da expedición dos correspondentes certificados e certificados de profesionalidade, que en todo caso, serán emitidos polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia, logo de cumprir os requisitos previstos para tal fin no presente convenio.

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é recoller as características e condicións que debe reunir a formación impartida a través dos itinerarios formativos asociados ás competencias clave e os certificados de profesionalidade para que o alumnado participante nas mesmas, que finalice con avaliación positiva os módulos formativos ou as unidades de competencia asociados a cada un destes e o programa formativo poida acceder á súa expedición por parte da Xunta de Galicia.



XUNTA DE GALICIA



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

galicia

O obxectivo da formación desenvolvida é proporcionar ás persoas que nela participen unha cualificación profesional que lles permita acceder con mellores condicións de empregabilidade ó mercado laboral, obxectivo que é compartido pola Consellería de Emprego e Igualdade.

A formación impartida realizarase de forma presencial, ou seguindo as normas ditadas ao respecto pola situación da pandemia COVID 19* e desenvolverá todos os módulos formativos incluídos nos certificados de profesionalidade referidos ou unidades de aprendizaxe incluídas nos programas das competencias clave.

Os medios materiais e didácticos, o cadro docente e os locais onde se impartirá a formación, responderán ós requirimentos esixidos nos programas formativos vixentes autorizados pola Subdirección Xeral de Políticas Activas de emprego do SEPE e nos reais decretos onde se regulan os certificados de profesionalidade correspondentes a cada itinerario e a normativa COVID 19'.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

A Deputación da Coruña, a través das empresas e entidades contratadas para o desenvolvemento dos itinerarios formativos do proxecto "PEL-Emprego Sustentable no Ambito Rural", que contan coa correspondente acreditación por parte da Xunta de Galicia para impartir a formación correspondente aos certificados de profesionalidade, obrígase, mediante este convenio, a desenvolver os itinerarios formativos incluídos nos certificados de profesionalidade aos que se refire este convenio, cumprindo cos requisitos esixidos na normativa referida.

En todo caso, a responsabilidade da execución do presente convenio ante a Xunta de Galicia recae na Deputación da Coruña. Será a Deputación da Coruña, a que garanta o efectivo cumprimento da normativa vixente no desenvolvemento das accións formativas.

A Deputación da Coruña obrígase, mediante este convenio, a desenvolver os itinerarios formativos incluídos nos certificados de profesionalidade e a formación referente ás competencias clave, recollidos no parágrafo PRIMEIRO deste convenio, cumprindo cos requisitos esixidos na normativa referida. Nomeadamente comprométese a:

1. Comunicar á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade correspondente o calendario de desenvolvemento das accións formativas a impartir, o lugar onde se impartirá a formación teórica, o centro de traballo onde se realizarán as prácticas, o programa formativo en formato normalizado, co desenvolvemento de cada un dos módulos formativos que comprenda a acción formativa a impartir, a duración e os equipamentos necesarios, a relación dos docentes cos respectivos currículos. Ó finalizar as accións formativas comunicará a relación do alumnado que finalizou o curso con avaliación positiva.



Para isto a Deputación da Coruña, comprométese especificamente a garantir que as empresas que desenvolvan a formación referente, formen parte do Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Xunta de Galicia

Empregar a aplicación informática SIFO, na que rexistrarán o calendario de realización de cursos, as actas de selección de candidatos como alumnos dun curso, a relación de alumnos e profesores coa súa asistencia por curso e día, as prácticas profesionais non laborais para facilitar o labor de supervisión, coordinación e control polos técnicos da Xefatura Territorial da Coruña pertencente á Consellería de Emprego e Igualdade.

2. Seleccionar o alumnado, preferentemente, a través da metodoloxía de selección directa que estime a Deputación ou mediante a oferta de formación a través das oficinas do Servizo Público de Emprego. Os criterios de selección que se aplicarán serán o cumprimento dos requisitos esixidos polo programa formativo ou do certificado e a pertenza a grupos ou colectivos de vulnerabilidade no emprego e outros requisitos establecidos nas bases da convocatoria AP- POEFE:

Calquera que sexa a metodoloxía de selección que se escolla, deberá comunicarse a listaxe do alumnado a oficina do SPEG correspondente, para os efectos oportunos; entre eles, o de validación dos seguintes requisitos:

- Estar inscritas na Oficina de Emprego correspondente e coa tarxeta de demanda de emprego debidamente actualizada.
- Ter cumpridos os 16 anos de idade.
- Estar empadroados/a nalgún dos concellos adheridos ao proxecto.
- Cumprir cos requisitos de formación adscritos a cada unha das accións formativas.
- Pertencer a algún dos seguintes colectivos:
 - Persoas desempregadas de longa duración (PLD).
 - Mozos menores de 30 anos non atendidos polo Programa Operativo de Emprego Xuvenil (POEX)
 - Persoas maiores de 55 anos.
 - Persoas con certificado de discapacidade que no teña ningún impedimento físico ou psíquico que lle impida o normal desenvolvemento das accións formativas e da profesión á que vai sociada a formación.
 - Personas inmigrantes.
 - Personas pertencentes a minorías étnicas e comunidades marxinadas.
 - Outros colectivos desfavorecidos como: participantes que viven en fogares compostos dun único adulto con fillos ao seu cargo; persoas sen fogar ou afectadas pola exclusión en materia de vivenda; vítimas de violencia de xénero; vítimas de discriminación por orixe racial ou étnico, orientación sexual e identidade de xénero; solicitantes de asilo; persoas con problemas de adicción; persoas reclusas y ex-reclusas;



XUNTA DE GALICIA



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

galicia

perceptoras de rendas mínimas ou salarios sociais; persoas con fracaso ou abandono escolar;

- Outras persoas en situación de vulnerabilidade acreditada por un informe do Servizos Sociais.

3. Verificar, con anterioridade ó inicio da acción formativa, que o alumnado reúne os requisitos esixidos para acceder á formación do nivel 2 e 3, segundo a normativa de referencia, e que a especialidade formativa segue de alta no ficheiro de especialidades formativas do SEPE

4. Impartir a formación en locais acreditados pola Consellería de Emprego e Igualdade para a impartición das especialidades formativas referidas neste convenio.

5. Someterse ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Emprego e Igualdade, así como todas aquelas actuacións de avaliación, seguimento e control esixidas polo RD 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

6. Impartir os módulos de formación práctica en centros de traballo, segundo o previsto nos reais decretos que regulan os certificados de profesionalidade e a comunicar á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade, os convenios de colaboración cos anteditos centros de traballo.

7. Que todo o persoal docente, participante na formación, reúna as prescricións sobre formación e experiencia profesional recollidas no anexo IV de cada certificado, segundo o establecido nos respectivos reais decretos e no programa formativo aprobado polo SEPE.

8. Avaliar ó alumnado por módulos formativos, de forma sistemática e continua, co obxectivo de comprobar os resultados da aprendizaxe e, en consecuencia, a adquisición das competencias profesionais, segundo o establecido nos reais decretos polos que se regulan os certificados de profesionalidade.

9. Asesorar na tramitación da solicitude dos diplomas das competencias clave e dos certificados de profesionalidade a todas as persoas que cumprindo os requisitos de acceso á formación, a finalicen con avaliación positiva. En ningún caso, a Consellería de Emprego e Igualdade adquirirá a responsabilidade nin obriga ningunha respecto daquelas persoas que puideran participar na formación sen reunir os requisitos de acceso esixidos polos certificados de profesionalidade ou competencias clave.

10. Desenvolver a formación aquí recollida cos medios económicos adscritos ao proxecto do Fondo Social Europeo aprobado, sen que en ningún caso a Consellería de Emprego e Igualdade adquira ningún compromiso ou responsabilidade económica derivada do desenvolvemento e/ou xestión da mesma.



XUNTA DE GALICIA



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

galicia

TERCEIRA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA

A Consellería de Emprego e Igualdade obrígase a expedir os correspondentes diplomas acreditativos da competencia clave superada, dos certificados ou, no seu caso, as unidades de competencia, a quen o solicite e demostre ter superado todos os módulos correspondentes ó devandito certificado ou unidades de aprendizaxe a través da formación impartida por esta institución correspondentes ós itinerarios de formación recollidos no punto PRIMEIRO deste convenio, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos neste convenio e na normativa reguladora dos certificados de profesionalidade.

En ningún caso, a Consellería de Emprego e Igualdade adquirirá ningunha responsabilidade respecto daquelas persoas que puidesen participar na formación sen reunir os requisitos de acceso esixidos polas competencias clave e os certificados de profesionalidade ou se a formación se impartise sen cumprir os requisitos propios do certificado ou competencia clave.

CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constitúese unha Comisión paritaria para o seguimento deste convenio, formada pola Conselleira de Emprego e Igualdade ou persoa na que delegue, unha persoa funcionaria da Dirección Xeral de Formación e Colocación designada pola anterior, o Presidente da Deputación da Coruña ou persoa na que delegue, e un funcionario, designado por el. Esta Comisión exercerá, principalmente, as seguintes funcións:

- Interpretación e resolución de cantas dúbidas ou conflitos se formulen na interpretación do presente convenio e a súa aplicación.
- Vixilancia e seguimento do cumprimento deste convenio.
- Aquelas outras que, para o efecto, se lle encomenden.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da súa interpretación, modificación e resolución, serán resoltas pola Consellería de Emprego e Igualdade, poñendo fin á vía administrativa.

Contra estas resolucións poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común ou directamente recurso contencioso-administrativo, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

QUINTA.- NATUREZA DO CONVENIO

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, e aplicándose: a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; a Orde TMS/369/2019, do 28 de marzo, pola que se regula o rexistro estatal de entidades de formación do sistema de formación



XUNTA DE GALICIA



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

galicia

profesional para o emprego no ámbito laboral, así como os procesos comúns de acreditación e inscrición das entidades de formación para impartir especialidades formativas incluídas no Catálogo de Especialidades Formativas; a Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 694/2017, de 3 de xullo, que á súa vez desenvolve a Lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se regula o sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, en relación coa oferta formativa das administracións competentes e a súa financiación, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas a o seu financiamento; os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, para resolver as dúbidas e as lagoas que podan presentarse, de acordo co seu artigo 4.

Nas incidencias que poidan xurdir na execución das accións formativas, e que non se resolvan no marco do presente convenio, estarase ao que dispoña a orde pola que se convocan subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

SEXTA.- REXISTRO

Este convenio será obxecto de inscrición no rexistro de convenios da Xunta de Galicia, tal e como establece o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Os asinantes do convenio manifiestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto, consonte ó establecido nos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e os artigos 29 e seguintes da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

SÉTIMA.- EXTINCIÓN OU RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Son causas de extinción ou resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento das súas cláusulas por calquera das partes.
- b) A alteración substancial das condicións que propiciaron a súa celebración.
- c) O mutuo acordo.

En caso de extinción ou resolución do convenio, calquera que fose á súa causa, as actuacións ás que ven referido o seu texto, e que no momento da resolución ou extinción se atoparan en curso de realización, continuarán o seu desenvolvemento ata a súa finalización.



XUNTA DE GALICIA



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

galicia

OITAVA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes comprométese a manter estrita confidencialidade respecto de calquera información que lles sexa subministrada en virtude do presente convenio, a non ser que por parte das mesmas se autorizase expresamente a súa difusión.

Este compromiso de confidencialidade farase extensible ó tratamento de calquera outros datos e informacións de carácter persoal a que as partes puidesen ter acceso como consecuencia da execución do presente convenio.

Neste sentido as partes comprométese a cumprir adecuadamente e, en todo momento as obrigas derivadas da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia, respecto do tratamento dos datos persoais facilitados, cuxo prazo de conservación será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento. Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro. Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

NOVENA.- VIXENCIA DO CONVENIO

A vixencia deste convenio será desde a sinatura ata que finalice o período de execución do proxecto, (31 de decembro de 2022, contemplando que cando existan causas excepcionais que impidan finalizar a execución do proxecto no prazo fixado, a Entidade poderá solicitar unha ampliación do prazo debidamente xustificada), sempre que non medie denuncia dalgunha das partes, formulada de forma fidedigna con tres meses de antelación, ou se dea por rematado en calquera momento por mutuo acordo entre as partes, previa comunicación polo menos cun mes de antelación, ou por causa de forza maior.

En proba de conformidade co exposto, asinan este convenio por triplicado no lugar e data sinalados no encabezamento,



XUNTA DE GALICIA



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

galicia

A Conselleira de Emprego e Igualdade

O Presidente da Deputación da Coruña



M.^a Jesús Lorenzana Somoza



Valentín González Formoso

¹*Orientacións para a adaptación das operacións e os procedementos de xestión do Fondo Social Europeo con motivo da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 (Unidade Administradora do Fondo Social Europeo (UAFSE), Instrución coa finalidade de dar resposta a diversas cuestións derivadas da nova situación para determinar as regras de aplicación da Orde ESS/1924/2016 sobre subvencionabilidade de gastos FSE.)

*Resolución de 5 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se adoptan medidas para facer fronte ao impacto da crise sanitaria provocada pola COVID-19 na execución dos proxectos financiados pola convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables.

*Orden EFP/748/2020, de 29 de xulio, pola que se adoptan medidas excepcionais para a flexibilización da impartición de certificados de profesionalidade.

*Ordes e resolucións que ao respecto da participación presencial en formación profesional para o emprego, se dicten dende a Xunta de Galicia en virtude das súas competencias.

